



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

ANEXO: BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 MESTRE/A PARA IMPARTIR AS DÚAS ESPECIALIDADES DE NIVEL 1 DA ÁREA PROFESIONAL "ALBANELERÍA E ACABADOS" NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE IV"

1.- Obxecto, normativa e principios de actuación.

O obradoiro dual de emprego "RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE IV" é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, promovido polos Concellos de Abegondo, Bergondo, Carral, Oza-Cesuras, Paderne e Sada, que asinaron o correspondente convenio. Está subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e cofinanciado por medio de fondos finalistas transferidos polo Servizo Público de Emprego Estatal.

Este obradoiro de emprego conta cun total de **20 alumnos/as-traballadores/as** que realizan as seguintes **especialidades formativas**, que contan con certificado de profesionalidade

- Por unha banda, 10 alumnos/as-traballadores/as realizan dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional "Edificación e obra civil" e da área profesional "Albanelería e acabados", que son:

• **"Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción" (Código EOCB0109**

• **"Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas" (Código EOCB0208)**

- Por outra banda, outros/as 10 alumnos/as-traballadores/as realizan a especialidade de nivel 2 da familia profesional "Agraria" e da área profesional "Xardinaria", **"Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes" (AGAO0208).**

Ao mesmo tempo, tamén cursan o **módulo formativo "Operacións Auxiliares en Tratamentos silvícolas" (MF1294_1)** do certificado de profesionalidade "Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes" (AGAR0309) da familia profesional "Agraria" e da área profesional "Forestal" de nivel 1.

A distribución do alumnado-traballador por Concellos é a seguinte:

Concello de Abegondo: 4 alumnos/as-traballadores/as

Concello de Carral: 4 alumnos/as- traballadores/as

Concello de Bergondo: 3 alumnos/as- traballadores/as

Concello de Oza-Cesuras: 3 alumnos/as- traballadores/as

Concello de Paderne : 3 alumnos/as- traballadores/as

Concello de Sada : 3 alumnos/as- traballadores/as

Actualmente estanse a desenvolver unha parte das actuacións previstas inicialmente para cada unha das especialidades.

O obradoiro ten unha duración de **9 meses** e forma a **20 alumnos/as-traballadores/as**. **Comezou o día 16/12/2024 e rematará o día 15/09/2025.** O alumnado- traballador/a foi contratado, baixo a modalidade de contrato de formación en alternancia, que se regula no artigo 11 ("Contratos formativos") do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (BOE núm. 255 do 24 de outubro de 2015), coa nova redacción establecida polo Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (BOE núm. 313, de 30 de decembro de 2021). Este contrato *"terá por obxecto a formación en alternancia co traballo retribuído por conta allea nos termos establecidos no apartado 2..."* que establece que o contrato de formación en alternancia *"terá por obxecto compatibilizar a actividade laboral retribuída cos correspondentes procesos formativos no ámbito da formación profesional, os estudos universitarios ou do Catálogo de especialidades formativas do Sistema Nacional de Emprego..."*.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [sede.abegondo.gal] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

O alumnado-traballador percibe as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

No capítulo III (artigos 10 a 14) da **Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 7 de febreiro de 2024** pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 /código de procedemento TR353A (DOG núm. 38 do xoves, 22 de febreiro de 2024), regúlanse os **procedementos de selección e contratación** do alumnado-traballador, así como a do **persoal formador, directivo e de apoio** participante no proxecto que se puxo en funcionamento, que, tal e como dispón o **artigo 10.1** “*será realizada pola entidade promotora do obradoiro mediante un **procedemento específico** regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade*”.

En canto aos **criterios de selección**, conforme o **apartado 2 do artigo 10** “*Nos criterios de selección de todo o persoal e alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego, procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar ás especialidades e as particulares circunstancias de dificultade destas. Estes criterios deberán incluírse nas bases reguladoras que aprobará a entidade promotora, que deberán respectar os requisitos e criterios de selección establecidos nesta orde e na instrución da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación que a desenvolva. No caso de que se utilicen criterios de valoración subxectivos e obxectivos deberá facerse de forma independente valorando primeiro os criterios subxectivos e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva.*”

A Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ditou, con data do 15/07/2024 as “**Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2024-25**”. Estas foron remitidas ao Concello de Abegondo xunto coa Resolución de concesión do director territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 19/08/2024 (Expte 15/0020/2024).

Tal e como se recolle no **apartado 3** das anteditas Instrucións, referido aos “*Principios de actuación da entidade promotora no proceso de selección*”, “*A entidade promotora, no proceso de selección, actuará sempre de acordo aos principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, igualdade e non discriminación*”.

Por medio do decreto da Alcaldía núm. 644_2024 do 25/10/2024 nomeáronse as persoas que integran o grupo de traballo e conforman a comisión seleccionadora. A comisión elaborou, conforme as consideracións sinaladas nos anteriores parágrafos, **as bases de selección** do persoal directivo, docente e administrativo de apoio do obradoiro de emprego “Reserva de biosfera: emprego verde IV” (Expte: 15/0020/2024) (Expte: 15/0020/2024).

As bases foron aprobadas por medio do decreto da Alcaldía núm. 661/2024 do 04/11/2024 e publicáronse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (sede.abegondo.gal), accesible a través da web municipal (www.abegondo.gal), nos taboleiros das outras entidades promotoras beneficiarias da subvención concedida para o obradoiro de emprego, nos taboleiros de anuncios do Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e tamén nos taboleiros das oficinas de emprego de Betanzos e A Coruña-Tornos (por ser as que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos).

Polo tanto, os sistemas de selección axustáronse ao establecido tanto na **Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 7 de febreiro de 2024** pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 /código de procedemento TR353A (DOG núm. 38 do xoves, 22 de febreiro de 2024) e mais concretamente no Capítulo III (“**Selección e contratación**”), como nas anteditas **Instrucións** en relación co **procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio** así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, para a convocatoria de OE duais 2024-25.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

No caso do persoal directivo, docente e administrativo de apoio, a selección realizouse a través de convocatoria pública.

Tendo en conta a relación definitiva de persoa candidatas para cada unha das prazas convocadas, ordenadas segundo a orde de puntuación establecida nas listaxes definitivas asinadas con data do 12/12/2024 polas persoas que formaron parte da Comisión de Selección e publicadas nos taboleiros de anuncios de todas as entidades locais beneficiarias e tamén na sede electrónica do Concello de Abegondo ([https://sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)), por medio do decreto da Alcaldía núm. 759/2024 do 13/12/2024 nomeáronse as persoas propostas para as seguintes prazas de persoal formador, directivo e de apoio do obradoiro dual de emprego “Reserva de biosfera: emprego verde IV” (Expte: 15/0020/2024):

- 1 director/a (xornada completa)
- 2 mestres/as das especialidades a xornada completa e máis concretamente:
 - 1 mestre/a para impartir as dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional de “Edificación e obra civil” e da área profesional “Albanelería e acabados”, que son:
 - “Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción” (Código EOCB0109)
 - “Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas” (Código EOCB0208)
 - 1 mestre/a para impartir a especialidade de nivel 2 da familia profesional “Agraria” e da área profesional “Xardinaría”, “Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes” (AGAO0208). Deberá tamén impartir o módulo formativo “Operacións Auxiliares en Tratamentos Silvícolas” (MF1294_1) do certificado de profesionalidade “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes” (AGAR0309) da familia agraria e da área forestal de nivel 1
- 2 mestre/s de formación complementaria (ao 50 % da xornada), concretamente: 1 mestre/a en ensino básico/titor/a e 1 mestre/a en orientación, información profesional, formación empresarial e asesoramento
- 1 administrativo/a (ao 50 % da xornada)

O persoal deste obradoiro de emprego foi contratado con data do 16/12/2024, por un período de 9 meses.

Con data do 14/05/2025 quedou **vacante a praza de mestre/a das dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional de “Edificación e obra civil” e da área profesional “Albanelería e acabados”**, que son:

- “Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción” (Código EOCB0109)
- “Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas” (Código EOCB0208)

Polo tanto, será necesario nomear e **contratar 1 mestre/a substituto/a**, polo que se aproban as **bases** para a súa selección, conforme as consideracións sinaladas anteriormente para a selección do persoal deste obradoiro de emprego. Especificamente, aplicarase o previsto no **Capítulo III (“Selección e contratación”)** da **Orde** da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do **7 de febreiro de 2024** (DOG núm. 38 do xoves, 22 de febreiro de 2024) e nas **Instrucións** en relación co **procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio** así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, para a convocatoria de OE duais 2024-25.

As bases publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (sede.abegondo.gal), accesible a través de web municipal (www.abegondo.gal), nos taboleiros das outras entidades promotoras beneficiarias da subvención concedida para o obradoiro de emprego, nos taboleiros de anuncios do Departamento Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e tamén nos taboleiros das oficinas de emprego de Betanzos, A Coruña-Monelos e A Coruña-Tornos (por ser as que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos e a oficina encargada de tramitar a oferta de emprego).

Para a selección do/a mestre/a substituto/a de área profesional de “Albanelería e acabados”, empregárase a **oferta de emprego** que se tramitará a través da oficina de emprego de A Coruña-Tornos e ademais realizarase unha **convocatoria pública**.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo ([https://sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

2. Comisión de Selección:

A Comisión de Selección será a encargada de seleccionar 1 mestre/a para impartir, ata a data de remate do obradoiro de emprego "Reserva de biosfera: emprego verde IV" (15/09/2025) as dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional de "Edificación e obra civil" e da área profesional "Albanelería e acabados", que son:

- "Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción" (Código EOCB0109)

- "Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas" (Código EOCB0208)

Estará formada por tres persoas nomeadas pola entidade promotora (con voz e voto), ademais do secretario da mesma, que actuará con voz pero sen voto. Concretamente, formarán parte da mesma:

- **Presidente:** José Manuel Rodríguez Costa, axente de emprego e desenvolvemento local (Aedl) do Concello de Abegondo ou persoa en quen delegue ou que o substitúa.

- **Vogal:** M^a Isabel Carro González, orientadora laboral do Concello de Abegondo ou persoa en quen delegue ou que a substitúa, preferentemente traballadora do departamento de Servizos Sociais do Concello.

- **Vogal:** M^a Isabel Manteiga Moar, técnica de Servizos Sociais e de información cidadá do Concello de Abegondo ou persoa en quen delegue ou que a substitúa, preferentemente traballadora do departamento de Servizos Sociais do Concello.

- **Secretario:** José Antonio Varela Doval, administrativo do Concello de Abegondo ou persoa en quen delegue ou que o substitúa (actuará con voz pero sin voto).

As decisións da Comisión de Selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes.

A comisión poderá nomear asesores especializados segundo o obxecto das bases, que emitirán o corresponde informe, no caso de que se considere necesario para a correcta valoración dos méritos.

3. Procedemento selección de 1 mestre/a das dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional de "Edificación e obra civil" e da área profesional "Albanelería e acabados" (códigos EOCB0109 e EOCB0208)

3.1. Normas de aplicación:

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro dual de emprego "Reserva de biosfera: emprego verde IV" (Expte 15/0020/2024), tivo lugar a selección do persoal formador, directivo e de apoio que, tal e como se indicou, realizouse conforme o establecido na **orde do 7 de febreiro de 2024** pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 /código de procedemento TR353A (DOG núm. 38 do xoves, 22 de febreiro de 2024), especialmente o sinalado no **Capítulo III** ("Selección e contratación") e o **procedemento específico** regulado nas **Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do 15/07/2024** en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2024-25.

O **artigo 12 da orde de convocatoria do 7 de febreiro de 2024** refírese ao "*Procedemento de selección do persoal formador, directivo e de apoio*" nos seguintes termos:

"1. Na selección do persoal formador, directivo e de apoio poderase empregar a oferta de emprego tramitada pola oficina de emprego, a convocatoria pública ou ambas.

2. Así mesmo, corresponderalle a entidade promotora determinar o perfil, as características e os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas, establecer os baremos e, se e o caso, as probas que poidan aplicarse, así como elaborar as convocatorias ou preparar as ofertas de emprego que se tramitarán á oficina de emprego, se procedese. As ditas ofertas de emprego serán publicadas no Portal de Emprego de Galicia.

3. A selección definitiva deberá realizarse entre as persoas preseleccionadas pola oficina de emprego e as solicitudes presentadas á convocatoria pública se é o caso.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

4. No proceso de selección poderá valorarse positivamente que as persoas candidatas completasen na súa totalidade contratos anteriores como docente en obradoiros de emprego ou programas de emprego para persoas mozas, subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.

5. Terán preferencia as persoas que, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, se atopen en situación de desemprego. “

As **Instrucións do 15/07/2024 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego** (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), refírense máis concretamente à “**Selección do persoal directivo, docente e de apoio nos programas e obradoiros duais de emprego**” nos apartados 6 e ss.

3.2. Oferta de emprego e convocatoria pública:

A selección do/a mestre/a substituto/a de área profesional de “Albanelería e acabados”, realizarase a través da **oferta de emprego** tramitada pola oficina de emprego e por medio dunha **convocatoria pública**.

No que respecta á **oferta de emprego**, de acordo co previsto no **apartado 9 das anteditas Instrucións** do 15/07/2024, aquela remitirase con suficiente antelación á oficina de emprego, neste caso a da Coruña-Tornos e rexistrarse como unha **oferta de tipo A ordinario**, sendo obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia.

A oferta axustarase ao previsto no citado apartado 9 das Instrucións e nela indicaranse os requisitos mínimos de titulación ou experiencia que, no seu caso, deben cumprir as persoas candidatas. As persoas candidatas deberán cumprir cos **requisitos de titulación establecidos na normativa dos correspondentes certificados de profesionalidade**. Así mesmo, deben acreditar que posúen **competencia docente** mediante a posesión do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do Real decreto 659/2023. Tamén se fará constar un número mínimo de persoas candidatas a remitir, debendo respectarse que, na medida do posible e como mínimo, sexan consideradas tres persoas candidatas por posto.

Realizada a preselección de candidaturas pola oficina de emprego, o Concello de Abegondo comunicará ás persoas candidatas a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos requisitos mínimos e dos seus **méritos**, así como o lugar, data e hora na que esta terá lugar a **entrevista persoal**.

Ao mesmo tempo, para a selección do/a mestre/a substituto da área profesional de “Albanelería e acabados”, realizarase unha **convocatoria pública**, que é un dos sistemas polo que se opta para a admisión de persoas candidatas para a praza convocada.

Polo tanto, de acordo co establecido no **apartado 8, (“Convocatoria pública”)** das devanditas Instrucións, **farase pública a convocatoria** mediante a exposición nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego correspondentes, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>). Tamén se publicará un **anuncio co extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP A Coruña)**, que determinará o inicio do prazo para a presentación das instancias coas solicitudes para participar no proceso de selección.

O **contido da convocatoria**, cuxo obxecto é seleccionar 1 mestre/a da área profesional de “Albanelería e acabados” para o obradoiro dual de emprego “Reserva de biosfera: emprego verde IV” (Expte 15/0020/2024), axustarase ao establecido neste apartado 8 das Instrucións.

As **bases reguladoras da convocatoria** publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (sede.abegondo.gal) e ademais nos taboleiros doutras entidades, segundo se indicou no apartado 1 destas bases (“**Obxecto, normativa e principios de actuación**”).

Concretamente, abrírase un proceso selectivo específico por concurso-oposición para o nomeamento/contratación da persoa que cubrirá a seguinte **praza vacante**:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

- **1 mestre/a (a xornada completa)** para impartir, ata a data de remate do obradoiro de emprego “Reserva de biosfera: emprego verde IV” (15/09/2025) as dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional de “Edificación e obra civil” e da área profesional “Albanelería e acabados”, que son:

- “**Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción**” (Código EOCB0109)
- “**Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas**” (Código EOCB0208)

3.3 Requisitos mínimos que deben cumprir as persoas interesadas. Presentación de solicitudes.

Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes **requisitos xerais** conforme o artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por medio do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (BOE núm. 255 do 24 de outubro de 2015):

- a. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no parágrafo seguinte.
- b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría a que se opte.
- c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- d. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e. Posuír a titulación esixida.

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais. Para o caso do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados, estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do empregado público.

Deberá presentarse a **documentación acreditativa do coñecemento de galego** (neste caso celga 3 ou equivalente). Non obstante, no caso de non achegar o documento correspondente, as persoas candidatas non serán excluídas por esta causa. A Comisión de Selección comprobará mediante a realización dunha proba ou exame oral, e que se poderá realizar no mesmo acto da entrevista, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de ser cualificada como non apta, a persoa candidata quedará automaticamente excluída.

Para seren admitidas ao proceso selectivo, as persoas interesadas deberán presentar as súas **solicitudes dirixidas á entidade promotora** no rexistro xeral da citada entidade ou no lugar que se indique, xunto coa **documentación** que acredite que cumpre cos **requisitos mínimos** establecidos nas bases de selección para poder acceder ao dito proceso, así como o resto de documentación necesaria para que os seus **méritos** sexan valorados. Neste caso, as persoas interesadas deberán cumprir, coas matizacións que se indican nos seguintes parágrafos, cos requisitos de **titulación** e/ou **experiencia profesional** establecidos nos Reais Decretos que regulan os correspondentes certificados de profesionalidade, así como acreditar que posúe **competencia docente**, tal e como o indica o artigo 13 do Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

En todo caso, no que afecta as condicións que debe cumprir o/a mestre/a ou persoal docente das especialidades da área profesional de “Albanelería e acabados” deste obradoiro de emprego, será de aplicación o disposto no **Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [sede.abegondo.gal] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Formación Profesional (BOE núm. 174, do 22 de xullo de 2023), ditado en aplicación da Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo de ordenación e integración da Formación Profesional (BOE núm. 78, do 1 de abril de 2022). Particularmente, tal e como se recolle no **apartado 7 das Instrucións do 15/07/2024** da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego deberá terse conta o disposto no **artigo 168 do Real Decreto 659/2023**, de 18 de xullo en relación ao “*Persoal formador de centros do Sistema de Formación Profesional non incorporados ao sistema educativo*”, sinalando os requisitos que deberán reunirse para impartir este tipo de ofertas formativas. En todo caso, será necesario dispoñer do **Certificado Profesional de habilitación para a docencia en graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional** (substitúe ao certificado de profesionalidade de “*Docencia da Formación Profesional para o emprego*”; ver disposición transitoria terceira (D.T 3º) do Real Decreto 659/2023 do 18 de xullo), salvo que as persoas candidatas se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.

No que respecta á **experiencia profesional** esixida, aplicárase o disposto no apartado **1 c) do artigo 168** do antedito Real Decreto 659/2023, que establece entre as condicións necesarias para “impartir ofertas de formación profesional en centros do Sistema de Formación Profesional non incorporados ao sistema educativo”, como un dos requisitos que se será necesario reunir: “**Ter experiencia profesional de, polo menos, catro anos** axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir (...)”

Cómpre ter tamén en conta que a Disposición adicional novena (D.A 9ª) do antedito Real decreto dispón que “Non será esixible como requisito imprescindible senón como mérito a experiencia profesional aos formadores e formadoras para impartir docencia nos certificados de profesionalidade regulados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto, cando contén coa acreditación ou titulación requirida que figura en cada un dos reais decretos polos que se establece cada certificado de profesionalidade”.

Polo tanto, e dado que a regulación dos certificados de profesionalidade do obradoiro de emprego “Reserva de biosfera: emprego verde IV” é anterior ao RD 659/2023, non se require posuír unha titulación académica concreta ou un nivel formativo e acumulativamente meses de experiencia na ocupación relacionada sen prexuízo de que se valorarán estes ou outros aspectos como méritos para a selección.

En xeral, os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo non serán obxecto de baremación. Os méritos baremables deben estar en todo caso relacionados coas funcións a desenvolver.

As persoas candidatas que non acrediten axeitadamente os **requisitos de titulación e/ou da experiencia profesional** necesarios, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que o seu currículo non será obxecto de baremación.

Tamén serán excluídos do proceso aquelas persoas candidatos que incorran en calquera tipo de falsidade documental.

A acreditación da **titulación académica**, realizarase mediante a presentación de orixinal ou copia compulsada dos títulos ou certificación de ter realizados todos os estudos necesarios para a súa obtención.

Serán válidas as titulacións expedidas pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados (títulos académicos oficiais).

A realización de **cursos**, acreditarase mediante orixinal ou copia compulsada dos títulos ou certificados (diplomas), nos que conste o número de horas de duración. Para a súa valoración deberán ter sido impartidos pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados

A acreditación do **tempo traballado ou da experiencia profesional (por conta allea)**, realizarase mediante certificado de empresa acreditativo ou copia dos contratos de traballo onde aparezan recollidas claramente as data de inicio e de remate da contratación e a través de certificado ou informe de vida laboral da Seguridade Social actualizado ou no seu caso do colexio profesional que corresponda.

A experiencia como **traballador autónomo** poderá valorarse, sempre que quede suficientemente acreditada ou xustificada segundo o criterio da Comisión de Selección. En todo caso, deberá presentarse o documento de Alta no imposto de actividades económicas (actualizada) acompañado do Informe de vida laboral da Seguridade



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Social actualizado ou no seu caso do colexio profesional que corresponda. Deberán especificarse os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial que corresponda e describirse a actividade desenvolvida. No caso de non estar obrigado, presentase o documento que lle exima de obrigación de cotizar. Ademais, xustificarse o traballo efectivo no período de alta na Seguridade Social coa presentación de facturas, libros de contas ou calquera outro medio valido en dereito no que consten os servizos prestados.

Os traballos no estranxeiro poderán valorarse, sempre que se acrediten suficientemente segundo o criterio da Comisión de Selección. Deberá presentarse unha certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

As instancias presentaranse **no modelo establecido**, acompañadas do DNI ou NIE. Así mesmo, achegarse a **documentación acreditativa dos requisitos mínimos** necesarios para a admisión, segundo o previsto para a praza de mestre/a convocada no apartado correspondente destas bases. Tamén se achegará a documentación acreditativa dos **méritos** alegados na instancia para a súa valoración.

Deberán presentarse no rexistro municipal en horario de 09.00 h a 14.00 h., a través da sede electrónica do Concello (sede.abegondo.gal) ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas - BOE núm. 236 do venres 2 de outubro de 2015 - (neste caso enviarase un correo electrónico ao endereço adl@abegondo.gal dentro do prazo de presentación), no prazo de 5 días hábiles que se contarán dende o día seguinte ao da publicación do anuncio co extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP). Tamén se publicará o anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://sede.abegondo.gal>).

Xunto coa instancia que presenten as persoas candidatas e na que solicitarán ser admitidas e poder participar no proceso selectivo, aquelas deberán achegar tamén a/s seguinte/s declaración/s responsable/s conforme o modelo establecido que se publicará na sede electrónica do Concello (<https://sede.abegondo.gal>):

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

-Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

-Declaración responsable de non estar incurso en situación de incompatibilidade segundo a Lei estatal 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas e o R.D 598/85 que a desenvolve.

Soamente será necesario presentar copia simple da documentación relativa tanto aos **requisitos mínimos** necesarios para a admisión das persoas candidatas, como a correspondente aos **méritos alegados (deberán relacionarse nun anexo)**, sen prexuízo de que a Comisión de Selección en calquera momento do proceso selectivo, solicite a documentación orixinal, compulsada ou copia auténtica se o considera oportuno.

En todo caso, ao final do proceso e antes do nomeamento da persoa candidata comprobarase fidedignamente a veracidade dos requisitos e méritos presentados, mediante a presentación da documentación orixinal ou de copia compulsada ou auténtica dela.

3.4 Admisión de persoas candidatas

A Comisión de Selección admitirá a todas aquelas persoas candidatas que presenten os requisitos mínimos e en calquera momento, antes de realizar a entrevista, poderá habilitar un período para a emenda se o considera oportuno. A comisión seleccionadora publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (sede.abegondo.gal) a **relación provisional de persoas candidatas admitidas e excluídas**. En todo caso, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias non se poderá emendar a documentación relativa aos méritos.

Do mesmo xeito que o indicado no parágrafo anterior publicarase a **relación definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas** e anunciará o lugar, día e hora no que terá lugar as entrevistas que deberán realizar



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

todas as persoas aspirantes admitidas. Se por algún motivo, algunha das persoas candidatas propostas non cumpre cos requisitos mínimos esixibles para poder optar a traballar como mestre/a do obradoiro dual de emprego, así se fará constar pola entidade promotora.

Nas anteditas relacións provisionais e definitivas de persoas candidatas admitidas e excluídas, en consonancia co disposto no apartado 6 das Instrucións do 15/07/2024, poderanse incluír, xunto coas persoas que presenten a súa solicitude para participar no proceso selectivo a través da convocatoria pública, as persoas preseleccionadas pola oficina do Servizo Publico de Emprego, como resultado da oferta presentada.

3.5 Fases do procedemento de selección

De acordo co disposto no **apartado 3 do artigo 12 da orde de convocatoria do 7 de febreiro de 2024**, a *selección definitiva deberá realizarse entre as persoas preseleccionadas pola oficina de emprego e as solicitudes presentadas á convocatoria pública.*

O proceso de selección constará de dúas fases: unha **parte subxectiva** (entrevista persoal) e a continuación outra **obxectiva**, que consiste na valoración dos méritos aportados polas persoas candidatas, que deberán achegar a documentación acreditativa dos mesmos.

Entrevistas persoais

Do xeito indicado no apartado anterior, publicarase o lugar, data e hora na que se terán lugar as **entrevistas persoais** coas persoas candidatas admitidas para a praza de mestre/a convocada, e que terán por finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais que permitirán valorar a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados. Ao tratarse dun procedemento de valoración principalmente subxectiva, tanto a súa realización como a publicación dos resultados das puntuacións, deberán ter lugar sempre con anterioridade á baremación dos méritos do persoal candidato.

A puntuación da entrevista, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, será do **35% da puntuación total máxima** do proceso selectivo.

A comisión seleccionadora levará a cabo as entrevistas e valoraraas. Despois de rematadas todas as entrevistas, deben facerse públicas as puntuacións das mesmas no mesmo lugar onde foron realizadas e ademais, as puntuacións outorgadas serán expostas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (sede.abegondo.gal), accesible a través de web municipal (www.abegondo.gal). Complementariamente, tamén poderán ser expostas nos taboleiros de anuncios dos outros Concellos beneficiarios e das oficinas de emprego do ámbito territorial dos respectivos Concellos (neste caso as oficinas de emprego de Betanzos e A Coruña- Monelos) e a encargada da tramitación da oferta de emprego (A Coruña-Tornos).

Valoración de méritos

A valoración de méritos achegados polas persoas candidatas presentadas e admitidas nos procesos selectivos da praza de mestre/a da área profesional "Albanería e acabados" realizarase con posterioridade á realización das entrevistas.

A Comisión de Selección realizará as valoracións conforme aos baremos recollidos nestas bases para a antedita praza convocada. Os méritos determínase en función do tipo e características da praza, considerando os criterios que determinan as Instrucións do 15/07/2024 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, que no seu punto núm. 14 dispoñen o seguinte:

"14. Méritos que se valorarán

Os méritos, que se xustificarán mediante a achega de documentos orixinais ou copias compulsadas serán valorados por cada entidade promotora. Os ditos méritos estarán en función do tipo e características da praza ou prazas convocadas e das peculiaridades de cada proxecto formativo, polo que será a entidade promotora a que concretará cales son os máis axeitados tendo en conta as ditas características e peculiaridades. Poderá incluírse, con carácter indicativo, entre outros os seguintes criterios, coa mesma ou similar definición:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

-Titulacións ou titulacións complementarias: Valorarase posuír unha titulación académica ou unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado. Consecuentemente, no caso de esixirse unha titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior

- Experiencia profesional. Valoraranse os períodos de meses completos de traballo, tanto por conta propia como allea, en postos relacionados coa especialidade formativa a impartir ou actividade a desenvolver no proxecto formativo. Tamén poderá valorarse a experiencia docente na materia.

Se as bases establecen un tempo mínimo de experiencia profesional e/ou docente para acceder ao proceso selectivo, o dito período condicionarará a admisión do aspirante á selección. pero non poderá ser obxecto de valoración posterior.

-Cursos realizados. Deben estar relacionados coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado, tendo en conta que non serán valorados aqueles que teñan unha duración inferior a vinte horas lectivas nin os que na súa documentación acreditativa non figure a súa duración en horas.

- Coñecementos do idioma galego. Serán valorados aqueles cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

- Poderase valorar positivamente que as persoas candidatas completaran na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.

- Non será esixible como requisito imprescindible senón como mérito a experiencia profesional aos formadores e formadoras para impartir docencia nos certificados de profesionalidade regulados con anterioridade á entrada en vigor do RD 659/2023, cando contén coa acreditación ou titulación requirida que figura en cada un dos reais decretos polos que se establece cada Certificado de profesionalidade. “

3.6 Puntuacións finais. Nomeamentos/contratacións

A **relación provisional das puntuacións outorgadas** serán expostas no taboleiro de anuncios da sede electrónica Concello de Abegondo (sede.abegondo.gal). Complementariamente, tamén poderán ser expostas nos taboleiros de anuncios dos outros Concellos beneficiarios e das oficinas de emprego do ámbito territorial dos respectivos Concellos (neste caso as oficinas de emprego de Betanzos e A Coruña- Monelos) e a encargada da tramitación da oferta de emprego (A Coruña- Tornos). En todo caso, deberá recollerse o prazo para presentar reclamacións.

Os criterios para dirimir posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais son os que se establecen no **punto 16** das Instrucións do 15/07/2024 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, sendo por orde de prelación:

- O maior tempo acreditado como desempleado
- Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia
- A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado
- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- De estar prevista nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente
- A puntuación correspondente ás titulacións complementarias
- A puntuación resultante no apartado de coñecemento idioma galego
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- O de maior idade



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Posteriormente, a Comisión de Selección redactará as actas cos **resultados definitivos da selección do/a mestre/a** (a tempo completo) das dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional de “Edificación e obra civil” e da área profesional “Albanelería e acabados” (códigos EOCB0109 e EOCB0208), que serán publicados do mesmo xeito que o recollido no parágrafo inicial deste apartado. Ademais, tamén se poderán publicar os resultados definitivos no taboleiro de anuncios da Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Tal e como se recolle no **punto 17** das anteditas instrucións, *“Finalizada a derradeira fase, a entidade promotora establecerá as puntuais finais das persoas candidatas participantes no procedemento.*

As ditas puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para a súa posterior contratación pola entidade promotora.

A entidade promotora estará obrigada a contratar a persoa aspirante que obtivese a maior puntuación final.

No caso do persoal docente, unha vez elaborada a proposta do candidato ou candidata a contratar para o proxecto, a entidade promotora deberá remitila a correspondente dirección territorial que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algún dos candidatos propostos non cumprira os ditos requisitos a dirección comunicarllo a entidade promotora para que poida substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. A contratación non se poderá facer efectiva en tanto a dirección non comprobe que todo o persoal docente reúne os ditos requisitos, con independencia do sistema de selección empregado”.

Unha vez achegada toda a documentación necesaria e que queden acreditados a totalidade dos requisitos esixidos nestas bases, a Alcaldía ditará a Resolución na que acordará a contratación/nomeamento da persoa aspirante proposta e formalizaranse o correspondente contrato/ tomas de posesión para o comezo da prestación do servizo.

3.7 Listaxe de reserva

De conformidade co previsto no **punto 18** das Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego do 15/07/2024, rematado o proceso selectivo, a entidade promotora elaborará unha listaxe de reserva integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as seguintes mellores puntuacións finais ás das propostas para ocupar a praza obxecto da convocatoria. Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade pola persoa inicialmente seleccionada.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para para o seu nomeamento/ contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previstos nas anteditas instrucións.

4. Incidencias e reclamacións

Estas bases vinculan ás entidades participantes no proxecto, á Comisión de Selección e ás persoas aspirantes que participan nos procesos selectivos.

A Comisión de Selección queda facultada para interpretar as bases da convocatoria e, conforme o sinalado no artigo 14.1 da orde do 7 de febreiro de 2024, resolverá cantas dúbidas, incidencias e reclamacións se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección.

5. Réxime xurídico:

Tendo en conta o sinalado no apartado 2 do artigo 14 de orde de convocatoria do 7 de febreiro de 2024, os procesos selectivos regularanse fundamentalmente polo disposto nestas bases e polo establecido nas Instrucións do 15/07/2024 da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), e na Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

de Galicia do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 /código de procedemento TR353A (DOG núm. 38 do xoves, 22 de febreiro de 2024).

En todo o que non se recolla nas presentes bases, nas anteditas Instrucións e na orde de convocatoria do 7 de febreiro de 2024, será de aplicación supletoria a normativa vixente en materia de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas e en concreto a normativa de selección de persoal da Administración Local.

6. Publicacións e/ou notificacións:

A Comisión de Selección acordará a publicación das bases asinadas e dos resultados tanto no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (sede.abegondo.gal) accesible a través de web municipal (abegondo.gal), como nos taboleiros das outras entidades promotoras beneficiarias da subvención concedida para o obradoiro dual de emprego. Tamén se publicarán nos taboleiros de anuncios da Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e nos taboleiros das oficina de emprego de Betanzos, A Coruña- Monelos e A Coruña-Tornos (por ser as que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos e a encargada da tramitación da oferta de emprego)

Ademais, acordará a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

ANEXO I

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE 1 MESTRE/A PARA IMPARTIR AS DÚAS ESPECIALIDADES DE NIVEL 1 DA ÁREA PROFESIONAL "ALBANERÍA E ACABADOS" NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE IV"

FUNCÍONS:

A persoa candidata seleccionada encargaranse de impartir a educación correspondente aos seus oficios e de actuar como mestres das súas especialidades de nivel 1 nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional dos/as alumnos/as-traballadores/as.

Nomearase/ contratarase 1 mestre/a a xornada completa para impartir as dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional de "Edificación e obra civil" e da área profesional "Albanería e acabados", que son:

- **"Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción" (Código EOCB0109)**
- **"Operacións auxiliares de albanería de fábricas e cubertas" (Código EOCB0208)**

As súas funcións serán:

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumprir e impartir do programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
- Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO/ TOMA DE POSESIÓN:

O Concello de Abegondo, como entidade promotora e beneficiaria da subvención, conforme se recolle no convenio interadministrativo asinado o día 20/03/2024 cos Concellos de Bergondo, Carral, Oza-Cesuras, Paderne e Sada, encárgase de realizar todas as xestións e trámites para o desenvolvemento do obradoiro dual de emprego, entre os que se inclúen os relativos á selección do persoal docente, directivo e de apoio.

O Concello nomeará/contratará o persoal formador das anteditas especialidades que fose seleccionado de acordo co procedemento establecido no artigo 12 da orde do 7 de febreiro de 2024, que regula o "Procedemento de selección do persoal formador, directivo e de apoio"

Conforme o disposto no **artigo 13.3** da orde de convocatoria do 7 de febreiro de 2024, no caso de realizar unha contratación laboral temporal, a entidade promotora farao a través da a modalidade de contratación que considere máis axeitada e poderá empregar a modalidade do contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, modelo 405.

O contrato/toma de posesión queda en todo caso vinculado á subvención concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [sede.abegondo.gal] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Outros aspectos a ter en conta para a contratación/ nomeamento da persoa seleccionada como mestre/a das anteditas especialidades do obradoiro de emprego “Reserva de biosfera: emprego verde IV” son:

-Grupo de cotización: 2

-Coeficiente: 1

-Tipo de xornada: tempo completo, cun total de 40 horas semanais, de luns a venres

-CNAE: 8411

-Duración : Do 27/05/2025 ata o 15/09/2025 (datas estimativas)

-Retribucións brutas mensuais: As retribucións axustaranse á subvención concedida por medio da Resolución do director territorial da Coruña da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 19/08/2024 (Expte 15/0020/2024), con rexistro de entrada no Concello de Abegondo núm. 202400000002774 do día 20/08/2024, ditada ao abeiro da orde de convocatoria de subvencións para os obradoiros duais de emprego do 7 de febreiro de 2024 (DOG núm. 38 do xoves, 22 de febreiro de 2024).

A antedita Resolución tivo en conta os importes establecidos no artigo 32.1 a) por euros/hora/ participante para o cálculo da subvención para custos de formación profesional para o emprego (módulo A).

REQUISITOS MÍNIMOS:

Nivel académico, experiencia profesional e capacitación docente requiridos.

-Requisitos de titulación:

Con carácter xeral, os establecidos nos respectivos Reales Decretos, que regulan os respectivos certificados de profesionalidade das dúas especialidades de nivel 1 da familia profesional “Edificación e obra civil” e da área profesional “Albanelería e acabados” do obradoiro dual de emprego (“Prescripcións dos formadores”).

Concretamente, as anteditas especialidades son:

“Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción” (Código EOCB0109)

“Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas” (Código EOCB0208)

En ambos os dous casos, os certificados de profesionalidade foron establecidos por medio do Real Decreto do Ministerio de Traballo e Inmigración núm. 644/2011 do 9 de maio (BOE núm. 136 do 8 de xuño de 2011), modificado polo RD 615/2013 do Ministerio de Emprego e Seguridade Social (BOE núm. 219 do 12 de setembro de 2013)

Por outra banda, é de aplicación o disposto no **apartado 1 do artigo 168 do Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional** (BOE núm. 174, do 22 de xullo de 2023) modificado polo Real Decreto 658/2024, de 9 de xullo (BOE núm. 166 do 10 de xullo de 2024), que establece entre as condicións necesarias para “*impartir ofertas de formación profesional en centros do Sistema de Formación Profesional non incorporados ao sistema educativo*”, como un dos requisitos que se será necesario reunir:

“ **a)** *Dispoñer do título de grao universitario, licenciatura, diplomatura, enxeñería, enxeñería técnica, arquitectura, arquitectura técnica, ou titulación equivalente ou, se procede, a titulación de Formación Profesional que, a efectos de docencia, se determine, de acordo con a normativa que regule cada grao. En todo caso, esixírase que as titulacións citadas incorporen nos seus plans de estudo contidos vinculados cos resultados de aprendizaxe da formación para impartir* ”

-Requisitos de experiencia:

Aplicarase o disposto no **apartado 1 c) do artigo 168 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo** polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional (BOE núm. 174, do 22 de xullo de 2023), que establece entre as condicións necesarias para “*impartir ofertas de formación profesional en centros do Sistema de Formación Profesional non incorporados ao sistema educativo*”, como un dos requisitos que se será necesario reunir:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [sede.abegondo.gal] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

“Ter experiencia profesional de, polo menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir (...)”

Conforme o establecido na Disposición adicional novena (D.A 9ª) do antedito Real decreto, non será esixible como requisito imprescindible senón como mérito a experiencia profesional aos formadores e formadoras para impartir docencia nos anteditos certificados de profesionalidade, regulados con anterioridade a entrada en vigor do RD 659/2023, cando cando contén coa acreditación ou titulación requirida que figura en cada un dos reais decretos polos que se establece cada certificado de profesionalidade.

- Capacitación como docente:

Acreditarase posuír competencia docente, conforme o disposto no artigo 13 do Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.

En todo caso, no que afecta as condicións que debe cumprir o persoal docente das especialidades que se impartirán neste obradoiro de emprego, será de aplicación o disposto no devandito **Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional** (BOE núm. 174, do 22 de xullo de 2023) modificado polo Real Decreto 658/2024, de 9 de xullo (BOE núm. 166 do 10 de xullo de 2024).

Particularmente, deberá terse conta o disposto no **artigo 168** (Cap. II do R.D 659/2023, dentro do Título V referido a “Profesorado, personal formador y expertos”), que establece as condicións do “*Persoal formador de centros do Sistema de Formación Profesional non incorporados ao sistema educativo*”, sinalando no **apartado 1** os requisitos que será necesario reunir para impartir este tipo de ofertas formativas.

En todo caso, será necesario dispoñer do **Certificado Profesional de habilitación para a docencia en graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional** (substitúe ao Certificado de profesionalidade de “Docencia da Formación Profesional para o emprego”; con código SSCE0110, conforme o recollido na disposición transitoria terceira (D.T 3º) do Real Decreto 659/2023).

Ademais, cómpre ter en conta o disposto no apartado 5 do art. 168, que sinala os supostos de exención da necesidade de posuír, conforme o establecido no apartado 1 do art. 168, o Certificado Profesional de habilitación para a docencia en graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional

ENTREVISTA (MÁXIMO 7 PUNTOS):

Na entrevista valoraranse as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 7 puntos**, equivalente a un 35% da puntuación total máxima do proceso selectivo, conforme o establecido no apartado 12 das Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego 15/07/2024 en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos programas de emprego para persoas mozas e dos obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2024-25.

VALORACIÓN DE MÉRITOS (MÁXIMO 13 PUNTOS)

Titulación académica :

- Doutoramento: 1,25 puntos.
- Master, ata 500 horas: 0,75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.
- Posgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; máis de 100 horas: 0,50 puntos.
- Titulación universitaria ou: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,25 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,15 puntos.

Esta **puntuación** é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliáveis serán aquelas distintas á mínima esixida para participar no proceso selectivo e teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,75 puntos por cada 6 meses traballados
- Experiencia profesional en postos similares ou directamente relacionados adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación para o emprego: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados (neste caso ata un máximo de 3 puntos)

Conforme o establecido na Disposición adicional novena (D.A 9ª) do Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, *non será esixible como requisito imprescindible senón como mérito a experiencia profesional aos formadores e formadoras para impartir docencia nos certificados de profesionalidade regulados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto (como é o caso dos dous certificados de nivel 1 deste obradoiro dual de emprego), cando contén coa acreditacións ou titulación requirida.*

No caso de non contar coa titulación académica requirida para o acceso ao proceso selectivo, terase en unicamente en conta neste apartado o tempo que exceda dos catro anos tomados en conta como experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso selectivo nestes certificados de profesionalidade (apartado 1 c) do artigo 168 do Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo.

Na experiencia profesional valoraranse os períodos de meses completos de traballo, tanto por conta propia como allea, de xeito ininterrompido, na mesma entidade, organismo ou empresa.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de 8 puntos.

Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0,10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos realizados é de 1 punto

Cursos de formación:

- Curso de *especialización docente* (100 horas): 0,50 puntos
- Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0,75 puntos
- Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto
- Curso de *C.A.P. ou equivalente (master en secundaria)*: 1 punto
- Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)* *: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 1 punto.

(*) Conforme o disposto na Disposición transitoria terceira do Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo, pola que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional (BOE num. 174, do sábado 22 de xullo de 2023), o Certificado de profesionalidade de "Docencia da formación profesional para o emprego, co código SSCE0110, manterá o currículo, en tanto non se modifique, e a súa denominación pasa a ser Certificado Profesional "Habilitación para a docencia en graos A, B e C do Sistema de Formación Profesional".



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [sede.abegondo.gal] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Coñecementos do idioma galego:

- Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,50 puntos
- Celga 5: 1 punto
- Curso medio de linguaxe administrativa: 0,75 puntos
- Curso superior de linguaxe administrativa: 1 punto

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado é de 1 punto

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia da Xunta de Galicia. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

A puntuación máxima que se poderá acadar no que respecta á valoración dos méritos será a de 13 puntos.

Puntuación final:

A puntuación final máxima que se poderá acadar será a de 20 puntos.

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e a valoración dos méritos. De seren necesarios, aplicaranse os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas, tal e como se recolle nestas bases.

Abegondo, na data indicada na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.